



Para dicir abril

Capítulo 7

Xosé Vázquez Pintor

7

Ai da súa daga fera!
SAFO DE LESBOS

Na ausencia de mamá el achegábase sempre solermeiro. Era coma un xogo para min: viña e desaparecía entre os recantos da sala, agochábase nas cortinas, facía garatuxas, contaba chistes e puña a cara de pallaso para que eu rise. Eu non sospeitaba e deixábame levar polo mago. Cando ela aparecía, el íase coas escusas que nunca entendín e eu quedaba triste por un tempo.

—Non queres a mamá?

—...

Collíame no colo, metíame un doce na man e conversaba comigo para saber o porqué do meu aburrimiento coa súa presenza. Axiña comía os ensobados e despois pedía de beber, un zume de algo, porque el nunca me daba auga.

—Non queres mellor a auga?

—Non.

Ollaba como ía cara á cociña, acendía a radio e escoitaba o que había no dial, case sempre as noticias e poucas veces música. Papá si que gustaba da música, dáballe volume e enchíase a sala de voces e palabras en inglés, guitarras eléctricas, batería. Levábame ao farricoque, baixábame ao colo, dábame bicos sen arredar a cara. Eu notaba as cóxegas da súa pel dura, que arrecendía máis que a flores.

—E por que oles tan ben? Mamá non ole coma ti.

—...

Ela estaba lonxe, traballaba na fábrica de vestidos, onde fan a roupa nova. Algunha vez estreaba tamén unha blusa e uns zapatos. Saíamos os tres de paseo pola alameda. Papá nunca me deixaba da súa man: era unha man fina que aloumiñaba sempre e eu sentía o seu cariño, que me defendía dos cans de raza que tamén pasean cos seus donos. Un deles era pequeniño e quíxeno para min. Dei en chorar por el cando souben que non mo mercaban. Ceibeime de papá e púxenme ao carón dela, agarrada á súa faldra, turrando para baixo con moita rabexa. Pasábame os dedos polo cabelo, dando cóxegas, sen dicir ren. Quixen subir ao colo, pero el non deixou. De volta fun ao farricoque, virando a vista para o cadelo pitiso que tiña un vestido da cor de ouro e case non se lle vían os ollos. Chameino e movía o rabo dicíndome adeus, adeus.

—Xa che traerei un can de xoguete, que non morda.

Foi a primeira frustración. Chegada a este punto, a papá voulle chamar sempre C, como quen fala coas letras e non cos nomes. Era un can branco de peluche. En sete días acabei con el, porque non mordía nin daba ao rabo. Mazuqueino cando estaba suxo de po, que entraba de fóra pola terraza: metino na bañeira e non quería secar. Batinlle coas mans e resfregueino co felpudo. Foise quedando feo. Cando chegou C díxome «fixeches moi ben, non te preocupes por el, mañá mercamos outro máis bonito».

—Non, non quero máis.

Agora a súa cara non recendía, fora perdendo aquel olor das flores e a barba seguíame mancando no queixo e nas meixelas. Despois de estar con el sempre me doía a cabeza. C queríame cada vez peor, con máis forza e con

máis tempo. Cando me metía na bañeira, eu lembrábame do can de peluche, porque tamén estaba suxa e fea, chea de po do felpudo, onde C me deitaba para chafallar en min, procurando a risa con máis cóxegas.

—Máis non.

Bañoume, secoume, vestiume, púxome os periquetes e deixoume soa na salíña da televisión. Escoiteino falar polo teléfono, mandaba bicos a alguén. Debía ser a mamá.